



## **Normas para a solicitude de proxectos e a utilización dos recursos liberados dispoñibles en convocatorias do programa Horizon 2020 da Unión Europea**

Aprobadas polo Consello de Goberno do 30 de abril do 2015

O actual programa cadro de investigación da Unión Europea para o período 2014-2020 (Horizon 2020), supón unha importante oportunidade de financiamento da investigación para as universidades.

Horizonte 2020 integra, por primeira vez, todas as fases dende a xeración do coñecemento ata as actividades mais próximas ao mercado: investigación básica, desenvolvemento de tecnoloxías, proxectos de demostración, liñas piloto de fabricación, innovación social, transferencia de tecnoloxía, probas de concepto, normalización, apoio ás compras públicas pre-comerciais, capital de risco e sistema de garantías.

Para favorecer as tarefas de solicitude, execución e xustificación dos proxectos en H2020 e promover a participación dos investigadores da UDC neste programa de investigación, compre que a universidade se dote dunha breve normativa que permita ter un correcto fluxo de información en relación coas solicitudes e facer un uso axeitado dos chamados recursos liberados dispoñibles nos proxectos de investigación e transferencia no Horizon 2020 e, por extensión, noutras convocatorias internacionais de características semellantes.

A tal efecto, a vicerreitoría de investigación e transferencia propón a aprobación da presente normativa no Consello de Goberno do 30 de abril do 2015.

### **Artigo 1.- Obxecto**

1. A presente normativa será de aplicación a todos os proxectos presentados en convocatorias do programa Horizon 2020.
2. Os principios básicos desta normativa terán carácter supletorio doutras convocatorias internacionais non reguladas de xeito expreso por outras normas.

### **Artigo 2. Procedemento de solicitude**

1. Cando unha persoa investigadora da UDC desexe presentar unha solicitude de axuda en convocatorias do programa Horizon 2020 da Unión Europea, deberá contar, de xeito previo á presentación da proposta, coa autorización expresa da vicerreitoría competente en materia de investigación.
2. A tal fin, a proposta debe contar co informe favorable da Unidade de Apoio a Europa (UAE) da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI). Este requisito será tamén preceptivo para os proxectos presentados



noutras convocatorias internacionais.

3. Á solicitude de autorización deberá axuntarse unha breve explicación da proposta. Nela incluírase o nome da persoa que actúa como investigador principal (IP) da mesma dentro da UDC, os membros da UDC que participan no equipo de investigación, as outras institucións que son membros do consorcio solicitante do proxecto e o orzamento previsto do proxecto, tanto global como no tocante á UDC, especificando a imputación de horas de traballo do persoal da UDC no proxecto e o importe económico da dita imputación. A UAE da OTRI prestará o apoio técnico necesario previo á formulación da proposta por parte da persoa investigadora da UDC. O IP deberá remitir á vicerreitoría competente en materia de investigación copia da memoria de solicitude, unha vez enviada á Comisión Europea, tras rematar o prazo de solicitudes.
3. O informe favorable da OTRI, o visto e prace da vicerreitoría competente, previos á presentación do proxecto, e a remisión da memoria de solicitude do proxecto serán necesarias para que se apliquen as reducións previstas na normativa de dedicación do profesorado no que atinxe ás solicitudes de proxectos europeos. Así mesmo, tamén serán necesarias para seren de aplicación o recollido nesta normativa ao respecto da utilización dos recursos liberados dispoñibles en favor do propio proxecto de investigación.

### **Artigo 3. Xestión da concesión**

Unha vez se conceda, no seu caso, o proxecto, o IP notificará tal circunstancia á UAE da OTRI. Desde ese momento e ata a sinatura do correspondente “Grant Agreement” entre a Comisión Europea e os membros do consorcio, a UAE da OTRI prestará apoio ao IP na elaboración dos diferentes documentos a presentar perante a Comisión Europea.

### **Artigo 4. Réxime dos Recursos Liberados Dispoñibles (RDL)**

1. No caso de se xustificar nóminas de PDI no proxecto, o 75% da cantidade xustificada será posta a disposición do proxecto na aplicación orzamentaria do proxecto. Estes recursos liberados dispoñibles non serán xustificados ante a entidade financiadora e poderán ser utilizados ata 6 meses despois de finalizada a execución do proxecto ou ata o fin de período de xustificación.
2. Con estes RDL, o equipo investigador deberá facer fronte a todos aqueles gastos non elixibles do proxecto, aínda que imprescindibles para a súa execución, como, por exemplo, computadoras, amortización de equipos, IVE non recuperable, etc.
3. Con cargo ao RDL poderán ser contratadas persoas físicas ou xurídicas para a realización de tarefas de apoio na execución do proxecto, de conformidade coa lexislación de contratos das Administracións Públicas e laboral aplicable, así como da propia normativa da UDC.



4. Os RLD poderán tamén utilizarse para asignar complementos salariais aos investigadores. A cantidade a percibir por cada investigador por este concepto, sumada á que estipula a Comisión Europea en concepto de “*Additional Remuneration*” da convocatoria non poderá exceder do dobre do límite do “*Additional Remuneration*” ponderado pola porcentaxe de dedicación do investigador ao proxecto. Excepcionase deste límite os proxectos do European Research Council (ERC). Debido á súa altísima competitividade e á existencia do programa Oportunius, da Xunta de Galicia para incentivar a participación de investigadores galegos neste programa.
5. Para facer efectiva a posta a disposición destes RLD, en canto a vicerreitoría con competencias en materia económica teña constancia do primeiro ingreso do proxecto ou previsión da súa chegada, solicitará información, ao/á investigador/a principal do proxecto, sobre o uso ao que se destinarán os RLD do proxecto. O investigador terá que emitir un informe detallado no prazo de 15 días dende a comunicación da vicerreitoría.

*DILIXENCIA para facer constar que o presente documento composto de 3 páxina/s numerada/s e selada/s, foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de data 30 de abril de 2015*  
*O secretario xeral*

*Asdo. Carlos Amoedo Souto*